

¿CANDO VOLVEMOS A BEGONTE?

O pasado ano, cando comezaba o derradeiro mes de 2006, un rapaz, un antigo alumno, despois de desexarme bo día fíxome esta pregunta que ten a súa orixe naquela inesquecible visita que fixemos nunha excursión escolar ao Belén Electrónico de Begonte fai uns anos.

Era unha mañá de decembro, os montes orientais de Lugo aínda estaban cubertos coa saba da brétema; pero todos sabiamos que tiñan xa, noite e día, postos eses fermosos puchos brancos; pero nós non pensabamos agardar a que espertaran os montes pois tiñamos moita presa por chegar ao noso destino, Begonte.

Aquela noite, como si fora outro rapaz estaba moi preocupado e non conciliaba o sono. Ata nun par de ocasións abrín a fiestra e mirei cara o ceo buscando as estrelas, sinal de que non había nubes e que poderíamos face-la viaxe sen problema de treboadas; pois aínda que había ser en autocar é mellor contar con bo tempo.



Pola mañá os nenos e nenas estaban moi ilusionados agardando a saída. O meu compañeiro e eu parecíamos dous humildes paxes que tiñamos que levar, non en camelos, pero si nesa recua de cabalos de motor que a 80 por hora ían levar a estas maxestades ao Belén de Begonte. Non levaban ouro, mirra nin incenso; nas súas mochilas o viático do camiño (bocata, auga e algún doce) pero, o mellor agasallo eran eles mesmos; pois sen sabelo portaban o máis abraiante: a inocencia, a pureza que sae cando os pétalos das súas bocas se abren para regar o mundo coa gargallada limpa e pura que é o sorriso dun neno.

É unha grande honra ser palafrenero dos que cabalgaban nas grandes azas da fermosa fantasía.

¿CANDO VOLVEMOS A BEGONTE? Parecía aquela nova saída escolar

unha máis das múltiples raiolas que conforman a cola desa cometa que vai buscando sinalar o camiño dos que queremos atopar a estrela da verdade que está en Begonte. Durante a viaxe acalaron a radio para impoñer as súas voces que xuntos cantaban panxoliñas tradicionais que era como un aviso de cara o seu destino.

Pasada un hora xa estabamos na Terra Chá e no seu corazón, en Begonte; preto da igrexa estaba agardando o crego, o noso guía, quen, despois de darnos a benvida, levounos cara a ese Belén. Foi pasar do día a noite; aquel

era un mundo diferente moi aloxado deste correr sen saber a onde ir, de abatements, estres, deshumanización porque os valores espirituais parecen soterrados pola lousa do materialismo. Nese recuncho había outras luces que alumeaban con máis forza que o mesmo Sol.

Eu vin por aquelas raiolas de salvación que saían do presebe o verdadeiro mundo, o entorno dos humildes, dos que traballan para coa súa suor facer que non seque o río ese, a corrente dos sentimentos que rega a terra. Notei certa tristura por non ser, sendo de barro, unha figuriña daquelas. O rostro dos nenos estaba aceso e a súa mirada fitaba cara o Belén onde recoñecían oficios dos que algunha noite os avós lle contaron un conto. As súas bocas estaban abertas pero non para pronunciar palabra; pois alí estaba a resposta a tódalas preguntas, a verdade espiada e núa nos rapaciños, estes que non saben de pastoreo nin vaqueiros porque naceron cando o lobo do progreso, ouveando con furia, asusta a tódolos campesiños.

Lección formidable, inesquecible a que recibimos no Belén de Begonte que, sen sabelo fixo que aqueles pequenos corazóns latexasen con forza asombrosa e nos ollos dalgún deles pare-

ceume ver que os sentimentos ían desbordarse e por iso, instintivamente saquei un clinex e collín dos meus unha bágoa que parecía unha gotiña de orballo que contradicindo a lei da gravidade non quere perderse na terra.

Era, de corazón, unha perla sentimental e do clinex cae na miña man, cando intentei pechala man pareceume pinchar como a peor espiña. Cando saía, unha vella corcovada polo paso dos anos e apoiada no adminículo da experiencia díxome, diante dos nenos, que por caridade lle dera algo, porque ela quería entregarlle ao Neno algo máis valioso que a súa vida de amargura. Abrín as miñas mans con tristura para dicirlle que non tiña nin unha moeda que ofrecerlle e entón a muller deume as súas trémulas mans nervadas e encalecidas e naquela bágoa apareceu unha colorista flor e a ancián, dando gracias, pasou cara o Belén coa flor nas súas mans e dicindo: "Na Terra Chá sempre hai quen da"

Quedei abraiado pero os nenos non viron nada porque todo foi froito do meu pensamento que confunde fantasía e realidade. Volvemos moi ledos pero, no curso seguinte, con certa sorpresa comprobei que todos aqueles nenos/as voluntariamente querían a disciplina de relixión quizais porque esperaban outra excursión e agora noutro Nadal fanme a pregunta: ¿Cándo volvemos a Begonte?

Sen dar tempo a contestar volveu dicir o rapaz: "... Pois alí aprendín a amar máis aos meus pais, e a tódolos demais"

Este neno, esquecíame dicir, era de cor e, dende aquela excursión, Begonte foi o seu lugar preferido e eu, non contestei nada pero aos poucos días dixen na clase: "Mañá imos a Begonte para que todos atopemos a nosa flor". Eles seguro que entenderon porque os nenos len nos ollos e nós deles eu vin florecer os pétalos dunhas bágoas de ledicia que, pronto evaporaríanse, para ir a Begonte, Portal de Monte e hoxe.

Pero non pasarían catro días cando chegou o rapaz moreno chorando e dicindo: "O meu Portal escachouse, os meus separáronse e agora teño que ir coa miña nai cara Barcelona, por culpa do noso Herodes. Xa non podo ir a Begonte"

Dándolle unha aperta enxuguei aquelas bágoas que eran espiñas da que no seu día foi flor.

O neno marchou, pero antes pedínlle a seu enderezo.

Nos fomos a Begonte e alí merquei o libro do Belén que fixera Xulio Xiz, cando regresei mandeille o libriño dicíndolle: "Garda preto do teu peito este agasallo, pois é peza fundamental, clave para que fagas o teu Portal seguindo o exemplo da Sagrada Familia"

Pouco tempo despois contestou o neno dicindo: "Grazas ao Belén de Begonte, e a vostede, estou salvado".

Artigo de José Reinaldo Pol
(Montefurado - Lugo)